



## ACTA Nº 2021/14

*Sesión ordinaria do Pleno da Corporación  
Sala de sesións da casa do concello, venres 17 de decembro de 2021*

No día sinalado, ás 09:05 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

### **PRESIDE**

D<sup>a</sup> Mónica Rodríguez Ordóñez

### **ASISTEN**

PsdeG-PSOE:

D.Víctor Manuel Muíño Ramos

D.<sup>a</sup> María José Pose Pérez

D. Miguel Ángel Pérez Méndez

D.Rosa Blanco Lema

D.Mario Andujar Mouzo

PPde G:

D<sup>a</sup> Raquel Rodríguez Amigo

D.Francisco Manuel Calzas Suárez

Adiante Vimianzo:

D.<sup>a</sup> Marta Rey Lema

D<sup>a</sup>.María Jesús Barbeira Pose

D. Francisco Javier Trillo Pazos

### **AUSENCIAS**

Adiante Vimianzo

D. Eugenio Vidal Quintáns.

D. Manuel Lorenzo Hermida

### **SECRETARIO**

D. Francisco Javier Novoa Juíz

### **INTERVENTOR**

---

Praza do Concello, nº 6  
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001  
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal  
[www.vimianzo.gal](http://www.vimianzo.gal)

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



D.Francisco Fernández Armada

Dna. Marta Rey xustifica a ausencia de D. Manuel Lorenzo Hermida e D. Eugenio Vidal Quintáns por motivos persoais.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na:

## **ORDE DO DÍA**

### **A) Sección resolutiva**

#### **1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de novembro de 2021.**

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Ao non manifestar ningunha observación sobre a mesma, queda aprobada por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria celebrada o 26 de novembro de 2021.

#### **2º. Ditame sobre aprobación da solicitude de financiamento á Deputación provincial da Coruña de dous investimentos.Exp.2021/A006/000011.**

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, celebrada o 14 de decembro de 2021 que se reproduce a continuación:

##### **“1.Proposta de ditame sobre aprobación da solicitude de financiamento á Deputación provincial da Coruña de dous investimentos. Exp. 2021/A008/000011.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 7 de decembro de 2021, que se transcribe literalmente:

##### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

##### **ASUNTO: SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO DE DOUS INVESTIMENTOS. EXP.2021/A006/000011.**

Visto o proxecto denominado “*Mellora da capa de rodaxe da estrada da DP-1603 a límite concello de Muxía*”,asinado en data 09/11/2021 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, D. Pablo Blanco Ferreiro, así como o proxecto de “*Pavimentación no lugar de Porto de Cereixo do concello de Vimianzo*”, que asinou en data 18/11/2021, o arquitecto D. David Estany Garea.

Vista a memoria xustificativa da Alcaldía, asinada en data 26/11/2021, para a solicitude de financiamento á Deputación provincial da Coruña, dos referidos investimentos municipais, financeiramente sostibles, que tal e como se indica na memoria responden a razóns de interese



público de carácter económico, cultural, turístico e mesmo deportivo, cunha incidencia supramunicipal, xa que, con eles, búscase acadar un maior desenvolvemento e potenciación turística da zona de actuación.

E na que, por este motivo, xustifícase que é preciso que ditas obras sexan sufragadas por unha subvención específica, de carácter nominativo, para que poidan estar executadas á maior brevidade posible. Sendo esta unha das principais razóns, para solicitar este tipo de financiamento, posto que de valorar a súa inclusión no vindeiro plan de obras provincial, dificultaría acadar os fins que se pretenden coas mesmas, xa que, o vindeiro plan acaba de abrir o prazo para a solicitude e de contar cos mesmos prazos que se veñen dando nos anos anteriores; ata mediados do vindeiro ano, como mínimo, non se poderían iniciar as licitacións das ditas obras, cando o que se precisa é a execución delas canto antes para poder telas realizadas no período de maior afluencia turística e poder empregalas como elementos potenciadores do turismo desa zona.

Visto o informe emitido polo arquitecto municipal en data 01/12/2021 respecto da conformidade dos proxectos coa lexislación urbanística, as autorizacións precisas, dispoñibilidade dos terreos, necesidade de supervisión e división en lotes.

Así como os informes emitidos polo interventor municipal en data 03/12/2021 respecto da sustentabilidade financeira dos proxectos.

Visto canto antecede, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación, previo ditame preceptivo da comisión informativa de obras e urbanismo, a seguinte proposta de ditame:

Primeiro.-Solicitar á Deputación provincial da Coruña, o financiamento de dous investimentos municipais, que se indican a continuación:

Investimentos	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Denominación da obra ou subministración			
Mellora da capa de rodaxe da estrada da DP-1603 a límite concello de Muxía	143.461,45 €	0,00 €	143.461,45 €
Pavimentación no lugar de Porto de Cereixo do concello de Vimianzo	55.881,94 €	0,00 €	55.881,94 €
Subtotal investimentos	199.343,39 €	0,00 €	199.343,39 €

Segundo.- Aprobar os proxectos das obras que se relacionan na táboa anterior.

Terceiro.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos.

Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na solicitude, se a houbera.

Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.



Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas nesta solicitude.

Sétimo.- Autorizar á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Oitavo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente

O que asina en Vimianzo,  
A alcaldesa,  
Mónica Rodríguez Ordoñez  
(documento asinado electrónicamente)”

Sometido o asunto a votación, a Comisión informativa de obras e urbanismo, por dous votos a favor do PsdeG-PSOe, dúas abstencións (Unha AV e unha PPdeG) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo. (...)”

A Alcaldesa-Presidenta traslada que tivo reunións co Concello de Muxía co fin de mellorar os viais conxuntos e dada o aumento de turistas e preciso facer melloras no paseo para o cal se solicita a subvención nominativa.

Dna. Raquel Rodríguez dí que o todo o que sexan melloras ós veciños se apoiará.

Dna. Marta Rey comunica que non van impedir a realización de obras que redunden en melloras para os veciños pero que estaría ben repartir máis os cartos para as obras.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que a súa intención e repartir entre as 14 parroquias pero que neste caso, está perfectamente xustificado como así consta na memoria do proxecto e había unha demanda desta obra agradecendo á Deputación da Coruña o esforzo realizado.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.

### **3º. Ditame sobra a aprobación inicial do Plan de prevención e defensa contra incendios forestais do concello de Vimianzo. Exp. 2021/A006/000011.**

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Réxime interior, celebrada o 14 de decembro de 2021 que se reproduce a continuación:

#### **“1.Proposta de ditame sobre aprobación inicial do Plan de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Vimianzo. Exp. 2021/X999/000970.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 7 de decembro de 2021, que se transcribe literalmente:



## **“PROPOSTA DE ACORDO**

### **Asunto: aprobación do “Plan de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Vimianzo”**

Expediente TEDEC 2021/X999/000970.

Visto o “Plan de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Vimianzo”

Visto o Informe do Secretario de data 09/12/2021

Vistas as atribucións que o art. 21.1 g e h) da Lei 7/1985, de bases de réxime local, me outorgan.

Visto canto antecede a Alcaldía propón elevar ao Pleno a seguinte proposta:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o Plan “Plan de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Vimianzo”

**SEGUNDO.-** Abrir un período de información pública de vinte días laborais mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, así como na páxina web do Concello. Durante o dito prazo quedará o expediente a disposición de calquera persoa ao obxecto de que se poidan formular as suxestións, observacións ou alegacións que se estimen pertinentes.

No caso de non formularse alegacións, observacións ou achegas considerarase elevado a definitivo o Plan aprobado inicialmente.

**TERCEIRO.-** Solicitar informe preceptivo á Dirección Xeral de Defensa do Monte como órgano competente en materia forestal, con carácter previo a súa aprobación definitiva con remisión das alegacións e/ou achegas formuladas.

O alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez”

Sometido o asunto a votación, a Comisión informativa de réxime interior, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, dúas abstencións (Unha AV e unha PPdeG) e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.

## **B) Sección de control**

### **4º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.**

Dáse conta polo Secretario da corporación das Resolucións da Alcaldía dictadas dende o día 24/11/2021 ata o día 14/12/2021 cos números 1152/2021 ata 1201/2021, respectivamente.

O Pleno do Concello dáse por enterado.

### **5º. Mocións de urxencia.**



Non se presentan.

## 6º. Rogos e preguntas.

Dna. Raquel Rodríguez manifesta que non ten rogos e preguntas.

Dna. Marta Rey en relación cos verquidos da Edar de Vella- Ponterroda, entende o problema e que non pasan pola depuradora e son augas fecais polo que roga que se cambien as bombas ou se limpien.

A Alcaldesa-Presidenta dí que solicitou informe á ASAG e dá lectura de parte do mesmo comunicando que está a disposición dos concelleiros e que segundo este, non hai constancia de olores. Ademais recorda que no primeiro semestre de 2018 se melloraron as bombas para funcionar automaticamente, no verán de 2019 púxose bomba nova e no verán de 2021 unha das bombas parou e se reparou e se instalou un servizo de aviso con 2 persoas por GSM.

É certo que ó estar nun valle se recollen moita choiva pero aínda así, as autoridades ambientais informan que non hai consecuencias e a calidade da auga non se ve afectada. Dito isto, continúa, é mellorable como nos 8 anos do anterior goberno seguramente se detectou pero se están a facer os controis e actuacións precisas para evitar verquidos.

Por último, comunica a apertura da pista de xeo ás 6 da tarde e convida á mesma, sendo a última sesión plenaria do ano agradece o compromiso e responsabilidade o traballo e esforzo especialmente do Secretario e Interventor.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 09:30 horas, a Alcaldesa-Presidenta, levanta a sesión, e eu como secretario do Pleno redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A Alcaldesa-Presidenta  
Mónica Rodríguez Ordóñez  
(documento asinado electrónicamente)

O secretario xeral,  
Francisco Javier Novoa Juárez